

VI. ANUNCIOS**C) OUTROS ANUNCIOS****FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA**

ANUNCIO polo que se convoca o proceso selectivo para unha praza de persoal.

Praza: un/unha (1) técnico/a superior de proxecto (ref.: SINFONIA-20-TSP1).

Proxecto que se vai desenvolver: *Sinfonia-Radiation risk appraisal for detrimental effects from medical exposure during management of patients with lymphoma or brain tumour.*

Modalidade contractual: contrato temporal, a xornada completa, regulado polo disposto na lexislación vixente que resulte de aplicación, en particular, pola disposición adicional quinta do Real decreto lei 32/2021, do 28 de decembro, para a execución do proxecto Sinfonía do programa europeo *Horizon 2020, The Framework Programme for Research and Innovation.*

As bases do proceso selectivo están expostas na sede da Fundación Cesga (avenida de Vigo, s/n, Campus Vida, 15705 Santiago de Compostela) e na páxina web (<https://www.cesga.es/gl/transparencia-2/emprego/>).

O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Todas as notificacións que a partir deste momento se orixinen como consecuencia do proceso selectivo faranse públicas na páxina web da Fundación Cesga.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2023

Lois Orosa Nogueira
Director xerente da Fundación Pública Galega
Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

